



Vigo, 31 de agosto de 2020

XXXII MARCHA GALEGA DE MONTAÑEIROS VETERANOS

13 SETEMBRO 2020

PRESIDENTES DOS CLUBS GALEGOS

Benqueridos amigos montañeiros:

De novo poñémonos en contacto con vos para facervos chegar máis datos sobre a XXXII MARCHA GALEGA DE MONTAÑEIROS VETERANOS para completar toda a información que por parte do noso club temos sobre este evento montañeiro que agardamos sexa un éxito de participación, a pesares da situación actual.

Precisamente dado que aínda non estamos nunha situación de "normalidade" e, tras falar cos responsables da FGM, pensamos que o máis apropiado e **non celebrar o tradicional xantar** de confraternidade e alongar un pouco máis o percorrido, que terá sobre 20 km que transcorrerán maiormente no Concello de Leiro. Cada participante **deberá levar o seu xantar e evitaremos deste xeito ás concentracións** nun lugar pechado.

Achegamos a documentación que repartiremos entre todos os participantes no lugar da saída.

Os participantes con 40 anos cumpridos recibirán un agasallo conmemorativo.

Teredes que enviar por correo-e a relación de participantes ao club e á F.G.M., onde figurará o nome, apelidos, idade de cada participante, e número de licencia dos vosos asociados.

O prazo para anotarse a esta actividade remata o mércores día 9 ás 21h.

Sairá un autobús dende a Praza de España de Vigo, ás 8,00h, polo prezo de 9€.

O lugar de encontro para aqueles que veñan de fora de Vigo vai ser no Restaurante A Quinza, na N120 (Ribadavia). Contactar co club ou FGM e enviaremos ubicación.

Antes de iniciar a marcha **cada participante deberá ter asinada e entregada** a declaración responsable (folla 2) que lle será facilitada con anterioridade. Agradecemos que se envíe coa inscrición ao club por correo-e.

Pola nosa parte nada máis, recibide ata entón un afectuoso saúdo.

O presidente

Carlos Garrido Costas